

ENQUISA CONVIVENCIA ESCOLAR 2023

Guía para responder á Enquisa de Convivencia Escolar 2023

Antes de nada, recorde que a clave de acceso é dun único uso, que a enquisa é anónima e que se debe responder todo o cuestionario dunha única vez, polo que se aconsella dispoñer de todo o tempo necesario antes de comezar.

A estimación de tempo para contestar a todas as preguntas é duns 15 minutos e deben seguirse os seguintes pasos:

- 1) Acceda ao enderezo web que se lle indica na comunicación escrita.
- 2) Introduza a súa clave de acceso e prema en “Continuar”.
- 3) Na pantalla de benvida prema en “Seguinte”
- 4) Conteste as preguntas da primeira pantalla (escollendo a opción que considere, marcando a/s súa/s selección/s ou introducindo o/s dato/s solicitado/s, segundo o indicado na pregunta).
- 5) Avance nas preguntas e, ao final da primeira pantalla, prema en “Seguinte”
- 6) Conteste as preguntas das seguintes pantallas (escollendo a opción que considere, marcando a/s súa/s selección/s ou introducindo o/s dato/s solicitado/s, segundo o indicado na pregunta).
- 7) Continúe respondendo as preguntas das diferentes pantallas e, para finalizar e pechar o cuestionario, prema en “Enviar”
- 8) Unha pantalla de agradecemento confirmaralle que a enquisa foi rematada e pechada correctamente.
- 9) Pode pechar o navegador.

Grazas pola súa colaboración

PREGUNTAS FRECUENTES:

Que é? Para que serve?

Este cuestionario é unha acción da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades encamiñada á mellora da convivencia, que redundará en beneficio de cada centro educativo. Serán estes os que obteñan os datos, polo que se recomenda encarecidamente a participación de todos os membros da comunidade educativa

ENQUISA CONVIVENCIA ESCOLAR 2023

Como participar?

Para responder á enquisa, cada participante deberá empregar a ligazón incluída na súa carta, introducir a clave de acceso, responder ás preguntas das diferentes pantallas e premer “Enviar” ao rematar o cuestionario.

Canto se tarda en cubrir cada cuestionario?

Segundo os datos das edicións anteriores, de media tárdase uns 15 minutos. Este tempo tamén serve como mecanismo de control, pois todos os cuestionarios que se cubran nun tempo anormalmente baixo serán descartados do cómputo de resultados, ao presupoñer que foron cubertos ao chou e/ou sen ler as preguntas. Pola contra, os cuestionarios que se cubran nun tempo lixeiramente superior si serán tidos en conta, posto que se poden dar certas situacións que fagan máis lentas as respostas, como ter que reflexionar máis do esperado ou precisar axuda coa interpretación das preguntas.

Pódese pechar o cuestionario e volver retomalo máis tarde?

Non. Non existe a opción de gravar parcialmente as respostas, pechar o cuestionario e despois retomalo onde se deixou, pois as claves son dun único uso. Polo tanto, pechar a sesión ou o navegador tras estar identificado/a, sen rematar de responder, supón que non se poida continuar máis tarde onde se deixou. Por este motivo, é recomendable cubrir o cuestionario dunha única vez.

Pódense modificar as respostas xa marcadas?

Só as respostas da pantalla que está aberta en cada momento. Por motivos de seguridade, na aplicación non existe a posibilidade de volver á pantalla anterior (e o botón de retroceso do navegador tampouco é válido). Polo tanto, se tras avanzar nas pantallas do cuestionario se quere volver atrás, isto non será posible. Por este motivo, recoméndase revisar as respostas a medida que se avanza no cuestionario.

Cando estarán dispoñibles os resultados?

A previsión é que estean dispoñibles a principios do curso 2023/24.

Para que serven os resultados?

Por unha banda, cada centro vai a recibir os seus resultados de xeito resumido -garantíndose en todo momento o anonimato das respostas- así como unha análise inicial suficiente para encarar a revisión, se procede, do Plan de Convivencia. Por outra banda, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades vai facer unha actualización do diagnóstico xeral da situación da comunidade, permitindo caracterizar o clima escolar galego e mellorar a toma de decisións a nivel global. Esta información servirá tamén como referente para cada centro a nivel individual. A Consellería en ningún momento vai traballar con datos individuais dos centros nin establecer auditorías nesa liña. Non se trata de levar a cabo unha análise crítica de cada centro nin de premiar ou valorar a súa situación particular, senón de analizar as debilidades e fortalezas do sistema para así establecer medidas encamiñadas á mellora da convivencia nos centros educativos.